

## A Interpretación do Patrimonio nos xardíns históricos con uso recreativo

### *The interpretation assets in historical gardens with recreational use*

Juan Manuel Salas Rojas. EGMASA España)

#### **Resumo**

*A interpretación do patrimonio pode ser unha boa maneira de facilitar as conexións intelectuais e emotivas entre o visitante e os significados dos xardíns. Os xardíns históricos son os susceptibles de ser visitados, tanto por dispor dunha infraestrutura que os fai accesibles como porque os usos permitidos teñan carácter marcadamente recreativo. Os visitantes que chegan a estos lugares non coñecen os seus valores patrimoniais e só teñen a intención de disfrutar de su tiempo libre, mais os xardíns históricos son algo máis que lugares para o esparcemento ao ár libre, o que xustifica as estratexias de comunicación propias da interpretación.*

#### **Abstract**

*The interpretation of an asset can be an excellent method to promote the intellectual and emotional connections between visitors and a garden's history. Historical gardens are visited as much for their accessible infrastructure as for its recreational use and when visitors arrive with the intention of enjoying their free time, they are usually unaware of the garden assets. However, historical gardens offer far more than just outdoor leisure, accounting for the importance of strategies for interpretation and communication.*

#### **Palavras chave**

*Xardín histórico, interpretación do patrimonio, ben público, uso público, planificación interpretativa.*

#### **Key-words**

*Historical garden, interpretation assets, public assets, public use, interpretative planning.*

## Introdución

---

Sempre que gozo co patrimonio dos xardíns históricos da miña cidade ou doutras cidades que visitei, fágome as seguintes preguntas: os visitantes en xeral chegan a establecer vínculos cos significados que posúen estes sitios? e a interpretación do patrimonio podería servir para facilitar esta conexión?

Non me cabe dúbida de que as respostas non son doadas, por un lado pola inexistencia de estudos sobre o comportamento do público nestes espazos e polo outro pola ausencia de experiencias en que se puxese en marcha a estratexia interpretativa. Aínda que o que si me atrevo a defender é que a interpretación do patrimonio pode ser un bo xeito de facilitar as conexións intelectuais e emotivas entre o visitante e os significados destes xardíns. Para iso, permítome apoiarme na hipótese que defende TROITIÑO para os destinos históricos: os visitantes que se achegan ao patrimonio monumental para unha experiencia cultural fano superficialmente porque o que prevalece nas súas intencións é gozar do seu tempo libre. Esta consideración axúdame a pensar que, se unha das premisas da interpretación do patrimonio é que se dá en situacións en que o visitante está sobre todo a gozar do seu tempo libre, con toda probabilidade pode dicir que é unha boa estratexia de comunicación para axudar a que o visitante “ocioso” conecte co sentido destes lugares.

Cando falo aquí de xardíns históricos, estou a pensar naqueles que son susceptibles de ser visitados, tanto por dispoñer dunha infraestrutura que os faga accesible como porque os usos permitidos teñan carácter marcadamente recreativo. Esta situación é posible naqueles xardíns que non están encerrados nun recinto ou que quedaron como espazos de transición en zonas monumentais. A estes dous son aos que me refiro precisamente.

Para fundamentar esta perspectiva, gustárame apuntar algunhas ideas relativas aos significados destes xardíns históricos de “ocio” e abertos, ao público destinatario e á estratexia interpretativa para que se produza a conexión intelectual e emocional entre estes e o público.

## A aptitude interpretativa dos xardíns históricos

---

O xardín, nun sentido amplo, é unha expresión material dun ideal da Natureza. Os materiais esenciais desta materialización son as plantas. Os demais elementos constituíntes cobran importancia a partir destas e das súas configuracións espaciais.

Cando esta plasmación se volve arte, é porque o creador a impregnou de sentido e sensibilidade. Non todos os xardíns

gardan estas calidades. Algúns resérvanos unha serie de valores culturais que o converten en únicos e irrepitibles. Cando isto acontece, teñen esencia propia e están cargados de símbolos. Outros son, sobre todo, parques, cuxo fin é de carácter eminentemente social e recreativo. Nestes casos, os que os conciben non pretenden que teñan un significado especial.

Como apuntan algunhas referencias do ámbito cultural de recoñecido prestixio, os xardíns históricos son algo máis que lugares para o entretemento ao aire libre. Son bens culturais sometidos ás mesmas prerrogativas que outros bens culturais. Como exemplo está a declaración que o Internacional Council of Monuments and Sites (ICOMOS) fai dos xardíns históricos na Carta de Florencia<sup>1</sup> (1982), *“un xardín histórico é unha composición arquitectónica e vexetal que, desde o punto de vista da historia ou da arte, presenta un interese público”*. Este tipo de xardín si é unha creación artística<sup>2</sup>, aínda que nalgún caso fose proxectado cun sentido utilitarista. Así, é doado comprender a importancia



Foto 1: Glorieta do Parque das Delicias de Arjona



Foto 2: Cartelería de Uso Público no Parque das Delicias de Arjona

que cobran outros matices na súa definición, como pode ser o de carácter histórico. Por exemplo, na Lei de Patrimonio de Andalucía (1991) apúntase que os xardíns históricos *“son os xardíns de destacado interese por razón da súa orixe, a súa historia ou os seus valores estéticos, sensoriais ou botánicos”*. Un bo compendio de propiedades que me serve para xustificar o achegamento múltiple ao sentido destes lugares como así defendería unha boa estratexia interpretativa do seu patrimonio.

No relativo aos valores formais, aínda que os xardíns históricos de “ocio” de cidades patrimoniais andaluzas como Sevilla teñan certo carácter ecléctico no seu deseño, non me impide buscar elementos comúns

---

1. Esta Carta fue elaborada por el Comité Internacional de Jardines Históricos y adoptada por el ICOMOS-IFLA.

2 En la Carta de Florencia se apunta, además, que los jardines históricos son “Expresión de lazos estrechos entre la civilización o el ensueño, el jardín adquiere el sentido cósmico de una imagen idealizada del mundo, un “paraíso” en el sentido etimológico del término, pero que da testimonio de una cultura, de un estilo, de una época y, en ocasiones, de la originalidad de un creador artístico”.

que permitan proporcionarles unha identidade, como así defendería calquera estratexia interpretativa. Nesta busca, adhirime a aquelas referencias que apuntan a que a esencia artística destes espazos radica nun estilo hispanomusulmán ou andalusí<sup>3</sup>, sobre os que se superpuxeron outros modelos ou que son reinterpretacións contemporáneas, aínda que na súa orixe se deseñasen partindo de canons de inspiración romántica, rococó, inglesa, rexionalista ou do urbanismo francés.

En calquera caso, aínda que para construír a raíz estilística puidésemos barallar a hipótese da herdanza hispanomusulmá como xerme que inspira un deseño común, non é este trazo o único que determina o significado destes xardíns. Se quedamos nesta idea principal, non conseguiremos transmitir o sentido do lugar, porque co fin de conta non deixa de ser nada máis que un aspecto puramente descritivo do estilo dos xardíns. Para chegar á esencia é necesario indagar noutros significados que teñen que ver, como apuntaría unha aceptable estratexia interpretativa, coa relevancia que supoñen para o visitante.

Ata o momento, as intervencións realizadas para achegar este patrimonio ao público tan só se referiron a aspectos puramente formais e estilísticos. O que podería

3 En su artículo *El jardín histórico en Andalucía: reflexiones para una tutela del paisaje patrimonial*. (Op. cit.), Antonio Tejedor Cabrera nos explica bastante bien este interesante enfoque.



Foto 3: Exteriores do Parque das Delicias de Arjona

espertar a conexión intelectual, aínda que en ningún caso a emocional. Se esta última non se dá, a interpretación é incompleta<sup>4</sup>.

Hai, non obstante, outras razóns polas que os valores patrimoniais destes sitios teñen interese para a interpretación do patrimonio e que poden achegar ao proceso de conservación do patrimonio, como así dita o fin último da disciplina.

A interpretación nos xardíns históricos pode contribuír á comprensión da paisaxe urbana, sensibilizando acerca da súa importancia e a necesidade de conservación. O xardín converteríase así, igual que a paisaxe, nun medio interpretativo para transmitir e sensibilizar sobre a necesidade da súa preservación. Nesta liña, convén que recordemos a GONZÁLEZ BERNÁLDEZ<sup>5</sup>

4 MORALES MIRANDA, Jorge. *El sentido y metodología de la Interpretación del Patrimonio*.

5 GONZÁLEZ BERNÁLDEZ, Fernando (2002): "El orden de la naturaleza: aspectos subjetivos de la percepción del orden en nuestro entorno", En *Figura con paisajes. Homenaje a Fernando González Bernáldez*. Madrid: Fundación Interuniversitaria Fernando González Bernáldez. Páxs.: 156-165.



Foto 4, 5 e 6: Paseo, Glorieta e Carteis de Uso Público no Parque das Delicias de Arjona

para reforzar a idea de que a percepción subxectiva representa un papel fundamental na valoración que as persoas fan dos xardíns históricos, supoñendo que estes son “*reducidas paisaxes culturais*”. Os xardíns representan o máximo de intervención e manexo humano da Natureza. Neles, é necesario o máximo de simplicidade posible para que persistan no tempo. Pero, ademais, o creador consegue levar a cabo a súa idea guiado non só por estas circunstancias, senón “dirixido” por determinadas pautas perceptivas. Nestas, interveñen aspectos psicolóxicos, profesionais, culturais..., que empregariamos como referencias á hora de elaborar a estratexia interpretativa. Así, as pautas de percepción subxectiva representarán un importante papel na elección das ideas significativas.

No sentido que apuntei, deberíamos ter en conta que o xardín histórico pode axudar

a ler e comprender que o visitante está habituado a ver. Por un lado, ao ser o xardín histórico unha representación imaxinaria e sintética da natureza, susténtase en códigos perceptivos que son lexibles polas persoas. Por outro, representa diferentes escenarios naturais ideais e sinxelos, que poden axudar a comprender os máis complexos, representados polas paisaxes. Desta forma, o xardín histórico pode entenderse como unha etapa inicial para apprehender a paisaxe habitual.

En canto ao seu patrimonio, os xardíns históricos posúen, non só un importante legado cultural senón tamén natural, que na súa presentación nos dá a oportunidade de que axudemos o visitante a integrar ambos os tipos de patrimonio. Para argumentalo empregarei un exemplo. Partiremos da seguinte idea: as condicións climáticas de Andalucía, en que a chuvia escasea nos períodos cálidos, determinan



Foto 7 e 8: Paseo e pérgola do Parque María Luisa

que a auga sexa un factor limitante para o crecemento vexetal. Estas condicións obrigaron as culturas ancestrais a desenvolver unha serie de tecnoloxías de captación, almacenamento e distribución da auga, que tiveron unha forte implantación na paisaxe, nos hortos e nos xardíns. Ademais, a organización e distribución espacial dos sistemas referidos, nas hortas e nos xardíns urbanos, mantívose ao longo do tempo; se non como elementos tanxibles, como intanxibles, impregnando estes xardíns. Esta idea, explicada mediante procesos históricos, pódenos servir polo tanto de referencia á hora de conxugar o patrimonio cultural e o natural. No mesmo sentido, parece relevante a referencia acerca dos usos da auga, as especies vexetais e variedades cultivares, e as configuracións espaciais que se deberon

adoptar para resolver as limitacións climatolóxicas. En suma, o xardín pode servirnos, a unha escala inferior á da paisaxe, de recurso interpretativo integrador, que lle axude ao visitante a comprender e valorar as múltiples relacións existentes entre o patrimonio cultural e o natural.

Outra perspectiva interesante pola relevancia que posúe é a que relaciona os xardíns históricos coa utilidade e tradición na xardinaría popular ou privada. O patio, nas antigas casas de veciños, casas particulares ou, mesmo, en determinadas vivendas rehabilitadas dos cascos históricos das nosas cidades monumentais, preséntase como unha herdanza cultural común que se repite a outras escalas, en determinados xardíns históricos andaluces. Neste sentido, podemos utilizar unha estratexia interpretativa que vincule afectivamente o público local e os xardíns históricos, utilizando como nexo o patio. Para iso, podemos basear na gran carga simbólica que posúen estes xardíns históricos.

En canto aos aspectos estéticos, os xardíns históricos ofrecen múltiples posibilidades que deberiamos aproveitar. Seguindo o consello do ecólogo Fernando González Bernáldez nun texto titulado "*El paisaje natural*"<sup>6</sup>, os xardíns son evocadores de aspectos relacionados coa "*utilida-*

6 En un texto publicado originalmente en 1988 en el libro *Elementos Básicos para Educación Ambiental*: 97-112. Ayuntamiento de Madrid. Y editado en Op. cit. anteriormente.



Foto 9, 10 e 11: Cartel de Uso Público, xogos infantís e ciclos do Parque María Luisa

de *biolóxica*” que o ser humano mediatiza a través dos sentimentos estéticos. Se consideramos que a arte nos brinda unha oportunidade para transmitir os devanditos valores, nos xardíns ou nas súas múltiples representacións artísticas atoparemos os recursos necesarios para facelo.

Seguindo na liña argumental de partida, é necesario non esquecermos os valores sensoriais, que grazas aos numerosas estímulos que podemos recibir nestes espazos permiten traballar cun universo multisensorial que facilitará unha aproximación emotiva e alén diso unha interpretativa máis eficaz.

## O destinatario da interpretación nos xardíns históricos

---

Os xardíns históricos de Sevilla presentan, en xeral, unha alta afluencia de visitantes. Nos casos en que formen parte da oferta

da cidade como destino turístico a visita está asegurada. Os xardíns abertos úsanse, ademais, como parques, predominando sobre todo os usos recreativos por parte da poboación local, ademais de ser para esta espazos de paso ou transición. Este tipo de afluencia pública é outra máis das razóns que, ao meu entender, xustifica o desenvolvemento de estratexias e intervencións interpretativas.

Se partimos da idea de que a maior parte da poboación local descoñece e non valora suficientemente o patrimonio dos xardíns históricos, necesitaríamos implementar unha estratexia de comunicación que os achegue a este rico legado cultural. Así, estamos a converter o habitante nun destinatario potencial da interpretación nos xardíns históricos.

O outro tipo de destinatario potencial é o turista que acode aos monumentos e edificios históricos ou artísticos. Ao meu entender, a este turista deberíamos dividilo en dous gru-



Foto 12 e 13: Exteriores e avenida contigua ao Paseo de Catalina de Ribera

pos. Por un lado, o turista xeral, que descoñece practicamente todo o patrimonio da cidade e, por outro, o cultural, que está suficientemente motivado e informado, pero que descoñece a herdanza cultural específica dos xardíns históricos. O destinatario que mellor se adaptaría a estas formulacións é o visitante local. Xa que recorro, basicamente, a vínculos e símbolos que son habituais entre esta poboación. Iso non é óbice para que, mediante un tratamento axeitado das mensaxes interpretativas, consigamos achegarnos a outras procedencias. Se non fose así, reduciríamos en exceso o público potencial e converteríase nunha acción interpretativa dirixida á localidade.

## A estratexia interpretativa nos xardíns históricos

---

O mellor xeito de tratar a transmisión dos valores e significados dos xardíns históricos a que me estou a referir é adoptar unha estratexia de planificación interpretativa. Esta formulación vese reforzada

por varias razóns: as dificultades de establecer os valores tanxibles e intanxibles que posúen e a importancia que cobraron recentemente para as administracións públicas, o que se traduciu na súa tutela e salvagarda. Unha planificación interpretativa permitiría, ademais, unha mellor xestión dos recursos dispoñibles, cun beneficio social e cultural para o habitante e obteríanse resultados que serían moi valorados desde a esfera do turismo, en xeral, e da cultural, en particular.

Un plano interpretativo dos xardíns históricos de “ocio” e abertos require dun inxente traballo de diagnóstico e propostas de intervención programáticas. Soportadas, sen lugar a dúbidas, por un inventario exhaustivo dos seus valores patrimoniais.

Para comezar, deberíamos precisar o ámbito de intervención. Non creo que sexa unha tarefa inmediata, xa que depende de diversos factores, entre os que cabe mencionar a accesibilidade física, o modelo de uso e xestión existente, as limitacións, debidas a medidas de conservación ou restauración etc.



Un aspecto importante que debemos ter en conta é a capacidade de acollida recreativa que han de soportar estes sitios. É preciso que determinemos os rangos recreativos que un determinado xardín pode soportar, para que o impacto que producen as visitas non cause danos irreparables ou, como máximo, moi custosos e difíciles de reverter. Neste sentido, convén que teñamos en conta os impactos producidos sobre os equipamentos que hai que habilitar; así como o nivel de insatisfacción que determinadas aglomeracións producirían nos visitantes, sempre que os sigamos considerando arquetipos de recolleemento e tranquilidade.

Antes da elaboración dun plano, sería esencial que nos marcásemos uns obxectivos alcanzables, de carácter máis que nada finalista e que, aquí, están relacionados coas razóns que apuntei sobre o elevado interese interpretativo que teñen. Estes obxectivos poderían ser: identificar as limitacións e necesidades debidas á tutela e xestión dos bens patrimoniais; determinar e definir os trazos e mensaxes relevantes e significativas do patrimonio; deseñar as estratexias máis axeitadas para que o visitante xeral se aproxime a este patrimonio; deseñar servizos e programas específicos para outros visitantes, sobre todo para os habitantes; e, finalmente, determinar e programar, suficientemente, os servizos e equipamentos interpretativos mínimos necesarios para o conxunto de xardíns históricos.

O diagnóstico que debemos realizar, antes de elaborar calquera proposta de intervención interpretativa, servirá para determinar as limitacións e condicionantes debidos a uso e xestión, nun contexto de protección do ben. Estes datos aclararannos cá é modelo de xestión do conxunto e as particularidades de cada un dos xardíns. Tamén é importante que teñamos en conta o nivel de acceso ao sitio, xa que neste tipo de xardín aberto é importante a súa función de transición urbana. Esta situación pode xerar certa sinerxía entre os programas interpretativos e o tránsito dos cidadáns<sup>7</sup>.

En canto aos visitantes, un diagnóstico en profundidade implica unha análise exhaustiva de información documentada, procedente de fontes tan diversas como as enquisas de conxuntura turística ou o movemento hoteleiro. Ademais da estatística de visitantes que realizaron os diferentes xestores dos xardíns históricos. Para que poidamos definir os perfís, conviría realizar, como é obvio, unha enquisa de intereses e preferencias. Mesmo as referencias bibliográficas relativas aos turistas que visitan as cidades monumentais<sup>8</sup> son moi útiles para esta análise.

---

<sup>7</sup> En este sentido espero madurar una propuesta de programa de interpretación ambulante, en uno de los jardines históricos sevillanos, dirigido a los habitantes de la ciudad.

<sup>8</sup> M. A. TROIÑO (coord.). 1996. Turismo y desarrollo sostenible en las ciudades históricas con patrimonio arquitectónico-monumental. Madrid: Secretaría de Estado de Comercio, Turismo y PyME. Dirección General de Turismo.



Foto 14: Xardíns de Murillo xunto ao muro do Real Alcázar

Debemos analizar a infraestrutura acondicionable. Basicamente, en relación con minusválidos, os camiños, explanadas, escaleiras, desniveis e todo tipo de barreiras. Se quedan suficientemente identificados, é posible formular actuacións de conxunto, priorizar segundo os recursos que se determinen no plano. De igual forma, teremos que descubrir cuál é a oferta de servizos e equipamentos que se prestan na actualidade, o nivel de uso e as dotacións con que contan<sup>9</sup>.

Un aspecto que considero fundamental é a valoración e selección de ideas e trazos que se converterán en mensaxes e temas interpretativos. Aquí, debemos comezar recompilando a información necesaria para elaborar os contidos académicos, que permitirán crear uns contidos interpretativos fidedignos. Non obstante, non temos que

---

9 En mi análisis de los jardines históricos sevillanos sí puedo decir que hay una oferta exigua de servicios, que en ningún caso se pueden considerar interpretativos. Y, por supuesto, las visitas guiadas no tratan de igual manera el patrimonio de los edificios que el de los jardines.



Foto 15: Glorieta dos xardíns Murillo

esquecer a consulta e o asesoramento, na medida das nosas posibilidades, xa que non é doado extraer da documentación escrita as mensaxes que poden ser relevantes para a protección e xestión. Unha vez elaborados os contidos académicos, deberíamos valorar e seleccionar as ideas e trazos relevantes e significativos.

A partir deste momento, pasaríamos a elaborar as recomendacións para o desenvolvemento dos temas que guiarán o plano interpretativo. Inmediatamente despois, determinaremos os equipamentos, medios e programas necesarios. Estes debemos organizalos suficientemente como para poder aplicalos ao conxunto dos xardíns históricos e poderanse realizar as adaptacións correspondentes en función dos trazos do sitio, a accesibilidade, os sistemas de xestión, as dotacións etc.

O último paso do proceso non difire doutros planos: é a avaliación dos programas. Os datos e as valoracións servirán para corrixir posibles desviacións na consecución dos obxectivos específicos. De xeito

complementario, pódense elaborar propostas de difusión da oferta interpretativa, establecéndose como obxectivo principal que os medios interpretativos programados cheguen ao maior número de persoas posibles, dentro dos destinatarios identificados. Neste sentido, só precisaríamos da determinación dunhas liñas mestras que marcasen cales son os medios máis axeitados e as pautas de execución.

Estas reflexións non me van servir para dilucidar as respostas ás preguntas que me formulei ao principio, pero o que non me cabe dúbida é que ante os argumentos expostos a interpretación do patrimonio pode facilitar o achegamento dos visitantes e habitantes aos significados destes xardíns históricos con uso recreativo.



## Referencias bibliográficas

- BOJA (1991): *Ley 1/1991, de 3 de julio, de Patrimonio Histórico de Andalucía* [[www.juntadeandalucia.es/cultura/ba/biblioteca/informaciongeneral/pdf/ley11991.pdf](http://www.juntadeandalucia.es/cultura/ba/biblioteca/informaciongeneral/pdf/ley11991.pdf)]
- ICOMOS (1982): *Carta de Florencia*. [[www.icomos.org/docs/florence\\_es.html](http://www.icomos.org/docs/florence_es.html)]
- GONZÁLEZ BERNÁLDEZ, Fernando (2002): "El paisaje natural: 1988" en *Fundación Fernando González Bernaldez, Figura con paisajes: Homenaje a Fernando González Bernaldez, Madrid: Fundación Fernando González Bernaldez, páxs. 132-145.*
- MORALES MIRANDA, Jorge (2008): "El sentido y metodología de la Interpretación del Patrimonio" en Santos Mateo Rusillo (Coord.), *La comunicación global del patrimonio cultural*. Gijón: Trea, páxs. 53-78.
- TEJEDOR CABRERA, Antonio (1999): "El jardín histórico en Andalucía: reflexiones para una tutela del paisaje patrimonial" en *Boletín del Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico, nº 27, páxs. 128-137.*
- Troitiño, (coord.) (1996): *Turismo y desarrollo sostenible en las ciudades históricas con patrimonio arquitectónico-monumental*. Madrid: Secretaría de Estado de Comercio, Turismo y PyME. Dirección General de Turismo.

Foto 16: Exemplar de ficus nos xardíns de Murillo